



Marzo 2022

Ola Lector@s!!!!

Hoxe quero comezar así:

**Unha gata sabicheira
quería ser mariñeira,
pero non tiña lancha
para pescar na ribeira.
Soñou con ser palilleira
facer bonitas puntillas,
pero non tiña almofada
para palillar na feira.**

MIAU, MIAU, miauuu!! Que vos parecen estes versos? Sabedes porque empezo así a miña carta?

Porque durante esta semana imos celebrar a "Semana da Poesía" (o día 21 é o Día da Poesía). Cantas palabras podemos pronunciar co **P**? **Moouiiitas!!!**

Esta semana a **POESÍA** será a protagonista. Imos ler, escribir, aprender, cantar, debuxar ... **POESÍAS**.

Aí van algunhas suxestións:

- No expositor do primeiro andar, **podemos** coller libros de **poesía**.
- Escribimos **poemas**, debuxámoslos, recitámoslos...
- **Podemos** decorar os corredores cun fondo mariño **poético**.

E... para despedirme:

**Son a gata Xiana
de poesía vou falar,
e nesta semana:
poñémonos a rimar.**

Bicos gatunos amiguiños e amiguiñas lectores!

